



# DECRETO

**Expediente núm.:** 2512/2026

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Subvencións Directas ou Nominativas

**Asunto do Expediente:** ASOCIACIÓN AVELAÍÑA (Saude Mental Proxecto Acompaña)

Á vista dos seguintes antecedentes:

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

- O anexo de subvencións do orzamento aprobado para o ano 2026, recolle entre outras, unha subvención nominativa por importe de 15.000,00 euros cuxo beneficiario é a asociación Avelaíña. Dita subvención instrumentarase a través dun convenio.
- En data 24/04/2026 (Rexistro de Entrada 2026-E-RE-3145) a asociación presenta unha memoria xustificativa do proxecto a realizar.
- En data 28/04/2026 (Rexistro de Entrada 2026-E-RE-3256) a asociación presenta os certificados de non ter débedas coas administracións públicas.
- Consta no expediente documento núm. 22026001338 de Retención de Crédito de data 28 /04/2026 polo importe de 15.000,00 euros na aplicación orzamentaria 231.48001.
- En data 05/05/2026 o alcalde ordena a tramitación do correspondente expediente para a aprobación do convenio.
- Consta un borrador de convenio de colaboración entre o Concello de Nigrán e a Asociación Avelaíña para a realización do proxecto "Acompaña" asinado con data 18/05 /2026
- Consta a proposta da concelleira responsable de área sobre o borrador do convenio
- Consta o informe de fiscalización de Intervención nº 2026-0128

Visto canto antecede, en exercicio das competencias legalmente atribuídas, dítase a seguinte:

## RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO:** Conceder unha subvención nominativa polo importe de 15.000,00 euros á entidade "Asociación Avelaíña" (G36298867) para os gastos do proxecto especificado no expediente no período que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2026.

JUAN ANTONIO GONZÁLEZ PÉREZ (1 para 2)  
Alcalde  
Data: 01/06/2026  
Sinatura: 01/06/2026  
HASH: d200fe6145de40ec689a9a01326c1605

Pablo Beama Calderón (2 para 2)  
Concelleiro  
Data: 01/06/2026  
Sinatura: 01/06/2026  
HASH: cbca114d7af671ae318510feab134ce

DECRETO  
Número: 2026-1135 Data: 01/06/2026

Cod. Validación: AF53MLJLH2F2FYTNXYSKA9G3  
Corrección: <https://nigran.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





## Concello de Nigrán

SEGUNDO: Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Nigrán e a asociación Avelaíña co cód. de validación: 9DDLAC2QJ67PSD6ZSJYPD2RC5

TERCEIRO: Autorizar e comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 231.48001 do Orzamento Xeral de 2026, a favor da entidade beneficiaria, polo importe de 15.000,00 euros.

CUARTO: Procederá o reintegro das cantidades percibidas no caso de que a cantidade xustificada sexa menor que o importe concedido, así como no resto dos supostos establecidos no art. 37 da LXS.

No caso de que proceda o reintegro das cantidades percibidas, esixirase o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, podendo non obstante o beneficiario proceder de forma voluntaria á devolución das cantidades percibidas e intereses de demora correspondentes, de conformidade co disposto no art. 90 LXS.

QUINTO: Comunicar á Base de Datos Nacional de Subvencións a concesión da presente subvención e publicar no portal de transparencia do Concello de Nigrán a subvención concedida, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiario.

O alcalde,

Dou fe, o secretario

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**DECRETO**  
Número: 2026-1135 Data: 01/06/2026

